

II OBRADOIRO DE GRAVADO TECNICAS ADITIVAS

Dirixido pola pintora e gravadora Isabel Pintado

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo, coñecedor da afección e interese polas artes plásticas de moitos veciños/as, organiza un segundo obradoiro de gravado.

Para posibilitar o coñecemento desta técnica artística por primeira vez en Culleredo.

Técnicas aditivas: O curso trata de introducirmos nas técnicas aditivas calcográficas, a través de materiais como acetatos, cartóns, madeiras...

Desde o tratamento e preparado do papel e as tintas ata a estampación e edición.

A técnica aditiva consiste na adición de materia de diferentes texturas sobre estas superficies, o ferro ou matriz.

Na primeira parte do curso traballarase con acetatos, desde a punta seca a unha soa tinta e combinada coa adición de materiais a varias tintas, ata o traballo con varias matrices superpuestas con varias cores. Entintados adaptados a cada técnica, en oco e en relevo.

Obxectivos:

Obxectivos xerais

- Desenvolvemento da comprensión da técnica calcográfica.
- Desenvolvemento de comunicación visual..
- Desenvolvemento da capacidade creadora.
- Ampliación da capacidade de expresión plástica
- Desenvolvemento da linguaxe propia

Obxectivos específicos

- Proporcionar un coñecemento correcto do proceso gráfico
- Emprego adecuado das técnicas.
- Emprego adecuado das materiais
- Análise de probas e correccións.
- Estampación correcta. Edición
- Desenvolvemento do dominio sobre a técnica aditiva

Contidos:

Definicións e introdución aos procesos de gravado e estampación.

Linguaxe gráfica, exemplos, preparación do material (ACETATO)

punta seca, proceso de entintado e estampación, aditivas, elaboración de rexistros, persoais, mestura de varias técnicas, introdución da cor, análise dos exercicios.

Desenvolvemento do curso:

O taller consta de 4 sesións de 3 horas e media cada una.

1ª Sesión; noicións básicas de gravado. Preparado da matriz e punta seca. Preparado do papel e as tintas. Estampación a unha soa tinta. (Exercicio basee sobre o que se traballará)

2ª Sesión; aditivas traballando en base á punta seca sobre acetato (texturas, formas?). Estampación a dúas cores.

3ª Sesión; traballo con persoais, superposición de texturas, formas e cores. Estampación

4ª Sesión; Traballar sobre o estampado, perfeccionamento.

Presentación de traballos e comentarios.

Lugar e data de celebración:

O lugar de celebración será o Edificio de Servizos Múltiples do Burgo

Días : Os sábados, 26 febreiro e 5-12 e 26 de marzo.

De 10:30 a 14:00 horas (total de 14 horas).

Inscrición:

Dispoñemos de 15 prazas para adultos maiores de 17 anos, por rigorosa orde de inscrición, que poden facerse persoalmente, por teléfono, fax ou e-mail, no seguinte enderezo:

Concellería de Cultura - Edificio de Servizos Múltiples do Burgo

Rúa Ramón Cabanillas, nº 14 - 15670 O Burgo (Culleredo)

Teléfono: 981 665 597 Fax: 981 661 748 e-mail: servizosmultiples@gmail.com

O custo material do curso é de 50 €, que deberán formalizar coa inscrición.

Isabel Pintado

Licenciada en Belas Artes pola Universidade Complutense de Madrid (1988). Especialidade en Gravado (Mención de Honor).



Exposicións individuais

- 2010: Galería Sargadelos Barcelona
"Los Cerros" Madrid
Galería Dua 2. Vigo
- 2009: Sala Club del Mar de San Amaro (A Coruña)
Sala Xosé Rey Lago. Culleredo (A Coruña)
Galería Sargadelos. Ferrol (A Coruña)
- 2007: Galería Maes. Madrid
Galería Borrón 4. Cambados (Pontevedra)
Espacio María Martínez (A Coruña)
- 2006: Galería Dua 2. Vigo
Galería Arte-Imagen. A Coruña
Galería Liceo: Guadalajara
Casa de Galicia. Madrid
- 2003: Exposicións itinerantes Xacobeo 2004 (Xunta de Galicia)
- 2002: Galería Borrón 4. Cambados (Pontevedra)
Sala de Arte da Diputación de Guadalajara. Obra Adquirida
Universidade de A Coruña, "Gravadores do CIEC"
- 2001: Universidade de A Coruña (A Coruña e Ferrol)
Galería Arte-Imagen, Hotel Meliá María Pita (A Coruña)
- 1999: Galería Alameda de Vigo (Pontevedra)
Galería Borrón 4 de Cambados (Pontevedra)
Club Financiero Atlántico (A Coruña)
- 1997: Sala do Hércules Coruñés (A Coruña)
Sala "A Fábrica" de Allariz (Ourense)
Casa Charry de Oleiros (A Coruña) en 1.997. Gravados
- 1996: Concello de Cambados (Pontevedra)
Edificio Arquivo de Betanzos (A Coruña)
- 1995: Casa "Charry". (Oleiros, A Coruña)
Casa da Xuventude (Curtis, A Coruña)

Ilibros

-O año pitaño, Isabe Pintado/Xosé M. Álvarez Blázquez. Edicións Espiral Maior, 2009

Experiencia docente

- Profesora de Debuxo no I. N. B. Gregorio Marañón de Madrid. Curso 1990/91
- Debuxo no colexio Pedro Barrie de la Maza de Mondego durante os cursos 1992/93 e 1993/94
- Conferencia sobre "Técnicas de Impresión" no Centro Español de Nuevas Profesiones (A Coruña, 1993)
- Talleres de Pintura do Concello de Oleiros do ano 1993 ao 1997
- Debuxo e Pintura no Colexio de Curtis nos cursos 1994/95 e 1995/96
- Pintura e Mobles pintados en Teixeira nos anos 1994, 1995 e 1996
- Curso de Debuxo e Pintura para adultos na Casa da Xuventude de Melide no ano 1995
- Conferencias de "Expresión Gráfica" no Centro Español de Nuevas Profesiones durante os cursos 1993/94 e 1994/95
- Profesora da asignatura de Expresión Gráfica no Centro Español de Nuevas Profesiones desde o ano 1995 ao 2000
- Curso monográfico de gravado en madeira e linoleo no I.N.E.F. de Galicia no curso 1996/97
- Calcografía "Gráfica 96". Cursos de verán. Universidad Menéndez Pelayo Betanzos
- Escola de pintura "INZAR" do Concello de Betanzos no curso 1996/97
- Debuxo e Pintura na Casa da Xuventude de Curtis do ano 1997 ao 2003
- Debuxo e Pintura na Casa da Xuventude de Betanzos no ano 1998
- Curso taller de gravado organizado polo Departamento de Extensión Universitaria da Universidade de A Coruña no curso 2001/2002 (Facultade de Arquitectura)
- Profesora do curso de Gráfica de Formación do Profesorado organizado polo C.I.E.C. durante os cursos 2002 e 2003
- Visitas Didácticas organizadas polo C.I.E.C. durante o curso 2002/03
- Profesora de Talleres na Escola Ocupacional da Universidade de A Coruña durante os cursos 2001/02 e 2002/03
- Taller de gravado "La línea y la estampa" no MACUF (Museo de Arte Contemporáneo. Unión Fenosa), A Coruña. 2007
- Taller "El juego de la estampa" no MACUF. A Coruña 2007
- Taller Xilografía. Museo de Belas Artes de A Coruña. 2008
- Técnica Aditivas. Curso de Formación do profesorado (Colexio Santiago Apóstol). A Coruña. 2008. (Xunta de Galicia)
- Técnicas Aditivas non tóxicas. Museo de Belas Artes de A Coruña. 2009
- Iniciación ao gravado. Xardín Botánico. Culleredo 2010
- Técnicas aditivas, libro de artista. Museo de Belas Artes de A Coruña 2010